





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F // Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

### **NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS/SARDIÑADAS DE SAN XOÁN 2026**

Este concello establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as “cacharelas/sardiñadas da noite de San Xoán 2026”. Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de cacharelas/sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do 23 ou calquera outro día do mes de xuño.

A celebración das cacharelas/sardiñadas na vía pública están suxeitas á correspondente autorización. As que se desenvolvan en terreos de propiedade privada deberán presentar comunicación previa da actividade.

#### Cacharelas en espazos públicos e privados

- As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente no Rexistro Xeral do concello ata as 14:00 horas do 22 de xuño, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI dos responsables da organización; así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade. Os particulares poderán tamén facer a súa comunicación de cacharela/sardiñada a través da Sede Electrónica dende o día 8 de xuño ata as 14:00 horas do día 22 de xuño de 2026, sendo suficiente este trámite para a realización do evento.
- A solicitude debe ir acompañada dun plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- Os organizadores deberán cooidar os arredores e coñecer o número de teléfono de Emerxencias (112).
- Zona Urbana: O volume do combustible da cacharela non pasará dos 23 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- Rural: O volume do combustible da cacharela non pasará dos 2 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 mts de altura.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano será como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial cooidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohíbese a queima de pneumáticos; plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e, en xeral, de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público lousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de área de 10 cm.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas de madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ao finalizar a cacharela, e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización cooidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
- Cumprir o establecido na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

No caso das cacharelas/sardiñadas na propiedade privada os interesados deberán comunicalo ao concello no prazo establecido.

O desenvolvemento da celebración das cacharelas e sardiñadas deberá axustarse ao permiso concedido e ás ordenanzas municipais.